

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos***PUBLICACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA  
POR RECOLLIDA DE LIXO*

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do Concello de data 29/04/2019, de modificación da ordenanza reguladora da taxa por recollida de lixo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 08/05/2019, procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA  
DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO****“Artigo 1º. Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa por recollida de lixo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e que atende as normas previstas no artigo 20 do citado RDLex. 2/2004, do 5 de marzo.

**Artigo 2º. Feito imponible**

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal do Grove, o seu transporte aos centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos serán as establecidas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

2.—Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non habitados ou utilizados.



Mércores, 26 de xuño de 2019

Núm. 121

En consecuencia, todos eles tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo en contía igual á tarifa de vivenda.

3.—Considéranse, para efectos desta ordenanza, residuos sólidos urbanos, os residuos procedentes de vivendas, edificios, centros públicos e privados sen excepción ningunha; os mobles, útiles e trastes inútiles, así como os xerados en establecementos de toda clase, industrias, clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios

### **Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario, onde este establecido o servizo de recollida de lixo, ben porque o soliciten ou ben porque resulten beneficiadas ou se sirvan deste.

2.—Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento da taxa, na súa condición de substitutos dos contribuíntes, os propietarios dos inmobles, xa sexa de vivendas (ocupadas ou desocupadas), locais ou establecementos con (ou sen) actividade comercial, industrial, profesional ou de outro uso, os cales poderán repercutir, de ser o caso, as cotas satisfeitas aos usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

### **Artigo 4º. Responsables**

1.—Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### **Artigo 5. Beneficios fiscais**

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei. En casos excepcionais, e logo dun informe xustificativo do departamento de Servizos Sociais, onde se poña de manifesto a imposibilidade de facer fronte ao pagamento do tributo, a Xunta de Goberno Local poderá acordar a exención, por un tempo determinado, do obrigado tributario ao pago da taxa.

### **Artigo 6. Cota tributaria**

A cota desta taxa será a que figura no seguinte cadro e responde á cantidade ou calidade do lixo producido ou susceptible de ser producido polo contribuínte.

Cando as tarifas se refiran a m<sup>2</sup>, estes serán computados polos totais construídos onde se exerce a actividade obxecto da taxa.



Mércores, 26 de xuño de 2019

Núm. 121

**TARIFAS**

I	Vivendas, despachos, locais baleiros, actividades non comprendidas noutros apartados	88,70 €
II	Supermercados > 200 m <sup>2</sup> , hoteis con cociña > 75 cuartos, cámpings > 75 parcelas, fábricas conserveiras e de envasado de alimentos	1.963,85 €
III	Supermercados entre 75 e 200 m <sup>2</sup> , restaurantes e similares > de 100 m <sup>2</sup> , hoteis con cociña entre 25 e 75 cuartos, cámpings < 75 parcelas, casinos, com. men. aliment. e beb. > 75 m <sup>2</sup>	876,05 €
IV	Comercio menor aliment. e beb. entre 50 e 75 m <sup>2</sup> , hoteis con cociña < 25 cuartos, hoteis residencia sen cociña > 25 cuartos, depuradoras, piscifactorías, barcos de recreo, bares, cafeterías e discotecas > 100 m <sup>2</sup> , restaurantes e similares entre 50 e 100 m <sup>2</sup>	513,45 €
V	Bares e cafeterías entre 50 e 100 m <sup>2</sup> , ferraxerías e enxoval > 75 m <sup>2</sup> , almacéns frigoríficos, almacéns de materiais de construc., acuarios, hoteis residencia sen cociña < 25 cuartos, discotecas < 100 m <sup>2</sup> , restaurantes e similares < 50 m <sup>2</sup> , estacións de servizo, talleres do automóbil	383,95 €
VI	Bares e cafeterías < 50 m <sup>2</sup> , ferraxerías e enxoval < 75 m <sup>2</sup> , cines, banca, pastelerías, panaderías, tendas de roupa, mobiliario, regalos, papelería, venda de periódicos revistas, talleres non de automoción, carpinterías, comercio menor aliment. e beb. < 50 m <sup>2</sup> , tanatorios, florerías, salóns de peiteado, lavado vehículos	223,35 €

**Artigo 7º. Devindicación**

1.—Devindicarase a taxa e nace a obrigaón de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo nas rúas, barrios ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa. A recollida significa a retirada e depósito, por parte da Administración, das bolsas de lixo que os usuarios teñen a obrigaón de colocar en colectores ou nos lugares máis próximos onde habitualmente se veña facendo.

2.—Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse semestralmente o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa ou, se é o caso, na data que se realice o feito imponible, agás nos casos de inicio ou cese no uso do servizo, nos que o período impositivo se axustará á dita circunstancia, rateándose a cota correspondente por trimestres naturais.

3.—No caso de transmisións de propiedades ou actividades comerciais, profesionais ou industriais que se efectúen durante un semestre natural procederase así mesmo ao rateo das cotas por trimestres naturais.

4.—No caso de alta ou cese en actividades profesionais, comerciais ou industriais, procederase ao rateo no epígrafe que corresponda por trimestres naturais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: HYG8QTP5ZACPKK2Q



Mércores, 26 de xuño de 2019

Núm. 121

5.—Para estes efectos considerárase como cese na actividade a baixa no imposto de actividades económicas, salvo que polos servizos de inspección municipais se demostre que tal actividade se segue exercendo na práctica.

6.—Durante o período de baixa das actividades anteriores, tributarase pola tarifa I do anexo a presente ordenanza que regula as cotas anuais.

### **Artigo 8º. Declaración, liquidación e período impositivo**

1.—O período impositivo será de semestres naturais.

2.—A taxa liquidarase semestralmente cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.

3.—Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude darase a alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase aos interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

4.—Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación desta taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula etc.)

### **Artigo 9. Ingreso**

1.—As cotas desta taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentar a correspondente solicitude, ou de oficio, producíndose a alta no correspondente padrón.

2.—Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase por padrón esixíndose o seu importe por semestres, durante o período de cobramento que se estableza mediante os correspondentes anuncios de cobro pola Alcaldía.

### **Disposición derogatoria**

Queda derogada a anterior ordenanza reguladora da taxa por recollida de lixo así como todas aquelas disposicións de menor ou igual rango que contradigan o disposto no presente texto.

### **Disposición final**

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa, aplicándose para a cobranza do primeiro semestre de 2019.

O alcalde

*José Cacabelos Rico*

